

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 19 de maio de 2015

### ASISTENTES:

#### Membros :

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

### NON ASISTEN:

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

### Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día dezanove de maio de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

#### **1(621).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a urxencia da sesión.

#### **2(622).- DAR CONTA DO PROXECTO “INSTALACIÓN DE TELECONTROL NA EBAR DE CORUXO. EXPTE. 3134/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/05/15, do xefe da área de Fomento conformado polo asesor xurídico de área e polo concelleiro-delego de Fomento que di o seguinte:

*“A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.*

*Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.*

*O proxecto de “INSTALACIÓN DE TELECONTROL NA EBAR DE CORUXO”, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 4 de maio de 2015 co número de expediente 3.134/440 por importe de 20.540 € (IVE excluído).*

*En data 12 de maio de 2015, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.*

*Dacordo co exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:*

**PROPOSTA:**

*1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente “INSTALACIÓN DE TELECONTROL NA EBAR DE CORUXO”, cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:*

*Código do proxecto: Expte. 3.134/440*

*Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.*

*NIF: A28849495.*

*Presuposto de execución material: 17.260,50 €*

*Presuposto de contrata: 20.540 € (IVE excluído).*

*Prazo de execución: 1 mes.*

*Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo.*

*Clasificación do contratista: Non se exige.*

*Prazo de garantía: 2 anos.*

*Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal.*

*Coordinación de Seguridade e Saúde: Non se exige.”*

**A Xunta de Goberno Local queda informada.**

**3(623).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DO REFORZO DAS OBRAS DE REFORZO DE CAPA DE RODADURA DO FIRME DA AVDA. CLARA CAMPOAMOR. EXPTE. 3278/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do asesor xurídico da área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 1 de abril de 2015, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clara Campoamor PK 3+370 a PK 4+650 . (Expte. 73136-250).*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de maio de 2015, entre outros asuntos acordou “Adxudicar á Construcciones Vale, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clara Campoamor PK 3+370 a PK 4+650 por un prezo de 89.947,09 euros. Todo iso de acordo co proxecto e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

2.- Fundamentos xurídicos:

*O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 73136-250, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.*

*Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.*

*No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 73136-250 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.*

*A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que “as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades”.*

*Centrándonos xa na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería esta a que nomease ao referido facultativo).*

*A competencia profesional dos enxeñeiros de camiños canles e portos ten o seu fundamento na Lei de 20 de xullo de 1957, de ensinanza técnica; o Decreto de 6 de maio de 1965, de especialidades das escolas técnicas de grado superior, e o Real decreto de 30 de agosto de 1991 que se refire ao título universitario de enxeñeiros de camiños, canles e portos e directrices xerais dos seus plan de estudos, ademais da normativa que as desenrola.*

*De toda a anterior normativa dedúcese, indubitablemente a competencia destes profesionais nas materias de: “construción”, “transportes”, “hidráulica”, “enerxía”, “enxeñería marítima e costeira”, “urbanismo, ordenación do territorio e medio ambiente”.*

*En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clara Campoamor PK 3+370 a PK 4+650, dende a Concellería de Fomento propónse como coordinación de seguridade e saúde das citadas obras a Cíes Atlántico S.L.U, o cal nomeará ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:*

*–Maximino García Sánchez, D.N.I. 36.090.677-C, Enxeñeiro Técnico Colexiado Nº 3204 de Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Vigo.*

*En relación a dirección facultativa das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da Avenida Clara Campoamor PK 3+370 a PK 4+650, dende a Concellería de Fomento propónse ao técnico municipal*

*–D. Agustín Rodríguez Carballo, enxeñeiro superior de camiños, canles e portos, adscrito ao posto de xefe do servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo.*

*En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clara Campoamor PK 3+370 a PK 4+650, considérase adecuado o nomeamento dos técnicos mencionado en función da súa titulación.*

O nomeamento do responsable da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

3.- Proposta:

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

*Primeiro: Aprobar o nomeamento como Dirección Facultativa das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clara Campoamor PK 3+370 a PK 4+650 (expte: 73136-250) ao enxeñeiro superior de camiños, canles e portos, D. Agustín Rodríguez Carballo, técnico municipal adscrito a Concellería de Fomento.*

*Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clara Campoamor PK 3+370 a PK 4+650 (expte: 73136-250) ao Técnico da empresa Cés Atlántico S.L.U, D. Maximino García Sánchez, D.N.I. 36.090.677-C, Enxeñeiro Técnico Colexiado Nº 3204 de Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Vigo*

*Terceiro: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clara Campoamor PK 3+370 a PK 4+650 . (Expte. 73136-250)."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.